



PREGUNTAS FRECUENTES

Bolsas destinadas aos/as estudantes universitarios/as que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2014/2015.

1. Cando se publicou a orde de convocatoria?

A Orde do 16 de xullo de 2014 publicouse no DOG número 140 do 24 de xullo de 2014.

2. Onde está dispoñible o formulario de solicitude?

O anexo I (ED 441B) está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>)

3. Cando remata o prazo de presentación de solicitudes?

O prazo de presentación de solicitudes **remata o día 25 de agosto de 2014**

4. Cal é o número de bolsas a convocar?

Cen bolsas (100).

5. Quen pode solicitalas?

O alumnado universitario matriculado nunha universidade do Sistema Universitario de Galicia (en diante, SUG) ou nun centro asociado da UNED en Galicia que participe, no curso académico 2014/15, en programas de intercambio relacionados cos estudos que está a cursar, con países extracomunitarios, agás o programa Erasmus.

6. Cal é a súa dotación económica ?

Cada beneficiario/a recibirá un máximo de 1.000 euros.

7. Que requisitos se deben cumprir?

a) Estar matriculado no curso 2014/15, en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica, ou arquitectura técnica.





- b) Ter cursados os últimos tres anos académicos nalgún centro ou universidade da Comunidade Autónoma.
- c) Os estudantes extracomunitarios non poderán realizar o intercambio con universidades do seu país de orixe.
- d) Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe (universidades do SUG, ou nos centros asociados da UNED en Galicia).
- e) Non ter gozado desta bolsa de mobilidade en convocatorias anteriores.

8. No artigo 4.b) da orde di que é requisito para solicitar a bolsa “ter cursados os últimos tres anos académicos nalgún centro ou universidade da Comunidade Autónoma. Que significa?

Quere dicir que os estudantes que soliciten a axuda deben ter cursados os seus estudos universitarios ou non universitarios nos últimos tres anos académicos nalgún centro da Comunidade Autónoma.

9. Pode solicitar a axuda un estudante que curse un máster universitario oficial?

Non, esta axuda non vai dirixida ao alumnado de máster universitario. Vai destinada exclusivamente ao alumnado matriculado en titulacións de grao ou nas anteriores ensinanzas LRU.

10. Onde podó resolver as miñas dúbidas?

- Se son dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou se precisa máis información durante o proceso de obtención dos formularios, pode dirixirse ao 012 (teléfono de información) ou ao enderezo: 012@xunta.es.

- Se son dúbidas en relación coa convocatoria, ten que dirixirse a: orientacion.sug@edu.xunta.es.

- Se desexa resolvelas na propia consellería, debe dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Universidades, Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, no enderezo: Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña.

-Se son consultas telefónicas, ten que dirixirse á Sección de Bolsas, do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, nos teléfonos 981 54 54 31/33 /44 30.





11. Cales son as formas de presentación da solicitude?

- **Vía electrónica:** a través do formulario normalizado ED441 B que se atopa dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>). Para a presentación a través da sede electrónica, admitirase o DNI electrónico ou calquera outro sistema de sinatura electrónica aceptado pola sede da persoa solicitante ou do representante legal.

- **Formato papel:** presentárase unha vez que se cubra o formulario en formato PDF dispoñible na sede (sede.xunta.es), presentárase asinado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia e dirixírase á Secretaría Xeral de Universidades (Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela) ou ben a calquera dos centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 14 de xaneiro).

12. Que significa presentar a solicitude a través da sede electrónica?

Implica presentar a solicitude de xeito telemático, é dicir, integramente a través da internet (sede.xunta.es) dentro do prazo establecido na convocatoria. Para isto necesitará posuír un certificado dixital admitido pola sede electrónica ou un DNI electrónico. Unha vez que remate de cubrir a súa solicitude e agregue os arquivos anexos que lle indique a aplicación informática, deberá gardar o borrador, confirmalo para verificar que todo estea correcto e, finalmente, envíalo. Neste intre a aplicación demandaralle que o asine dixitalmente. Unha vez que asine dixitalmente xerarase un código, que será o comprobante de que a súa solicitude foi presentada con éxito.

13. Se se opta por presentar a solicitude en formato papel, cales son os centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 14 de xaneiro) onde se pode entregar?

- a) Nas principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>), que son:
 - Oficinas dos edificios administrativos (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), cuxos enderezos se relacionan:
 - Santiago de Compostela: Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de San Caetano, s/n.





- A Coruña: Rexistro do edificio administrativo da Coruña, Praza Luís Seoane, s/n, Monelos.
- Ferrol: Rexistro do edificio administrativo de Ferrol, Praza Camilo José Cela, s/n.
- Lugo: Rexistro do edificio administrativo de Lugo, Rolda da Muralla, 70.
- Ourense: Rexistro do edificio administrativo de Ourense, Avenida da Habana, 79.
- Pontevedra: Rexistro do edificio administrativo de Pontevedra, Rúa Fernández Ladreda, 43, Campolongo.
- Vigo: Rexistro do Edificio administrativo de Vigo, Praza da Estrela. Rúa Concepción Arenal, 8.

Outras oficinas principais: en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Ourense (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>)

Así mesmo, o seguinte buscador (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/localizacion-das-oficinas>) facilita a localización por palabras, provincias ou concellos, das oficinas de rexistro propias da Xunta de Galicia. Ademais, a través destas ligazóns tamén se pode consultar a relación de entidades locais galegas que recollen documentación para a Xunta de Galicia (Portelo único) ou a Administración xeral do Estado (060).

- b) Os rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio.
- c) As oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- d) As representacións diplomáticas ou as oficinas consulares de España no estranxeiro (<http://www.exteriores.gob.es>).
- e) Calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

14. Cal é o procedemento que se ha de seguir, se se presenta nunha oficina de Correos en España?

O envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folla do formulario (anexo I, ED 441B) para garantir que a data de remisión sexa anterior á de peche da convocatoria. Deberá remitirse ao:





Rexistro Xeral da Xunta de Galicia

Edificio administrativo de San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

A Coruña

Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxería privados.

15. Se se está no estranxeiro cursando os estudos universitarios, e se se opta por presentar a solicitude en formato papel, que rexistros son válidos?

Dende o estranxeiro, os únicos rexistros válidos para os efectos de prazo son as representacións diplomáticas ou as oficinas consulares.

Noutro país non ten validez a certificación postal nin a notificación de recibo.


16. Cando se cubre a epígrafe “Na súa representación” do anexo I?

Esta epígrafe só se cubre se a solicitude (anexo I) é cuberta, asinada e presentada pola persoa que se designe como representante legal, é dicir, pola persoa que inste a solicitude en ausencia do solicitante e no nome deste. Nese caso, o representante legal cubriría os seus datos na epígrafe “Na súa representación”, e asinaría a solicitude.

A sinatura da solicitude (anexo I) ten que cadrar coa identidade da persoa que aparece na epígrafe “Na súa representación”.

Xuntárase tamén (-) o “documento de representación”, cuberto polo solicitante da axuda e dispoñible no seguinte enlace: <http://ficheiros-web.xunta.es/sede/PX001A-G.pdf>

Documento de representación:





Este documento ten que ser obrigatoriamente asinado pola persoa outorgante –solicitante representado– e pola persoa autorizada –representante do solicitante–.

17. Que documentación se necesita achegar xunto co formulario de solicitude?

Xunto co formulario de solicitude (anexo I, modelo normalizado ED441 B) deberá achegar:

a) Copia do DNI cando o/a solicitante non autorice a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a consulta dos seus datos no Sistema de verificación de datos de identidade.

b) Copia compulsada da autorización da estadía ou residencia no caso de que o/a solicitante sexa extracomunitario/a.

c) Orixinal do extracto do expediente académico selado pola universidade correspondente nun período non anterior a un mes desde a publicación desta orde, no cal se fará constar a nota media do expediente académico.

Os/as alumnos/as que estean cursando estudos de 2º ciclo (licenciado, arquitecto e enxeñeiro) por accederen desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar ademais o orixinal do extracto do expediente completo do primeiro ciclo realizado selado pola universidade correspondente. Igualmente, os alumnos que estean cursando estudos oficiais de grao por accederen desde unha titulación de primeiro ou primeiro e segundo ciclo, deberán presentar o orixinal do extracto do expediente completo en que se inclúa o recoñecemento das materias cursadas nestes selado pola universidade correspondente.

d) Orixinal ou copia compulsada do certificado do órgano competente da universidade en que conste que o/a alumno/a está admitido nun programa de intercambio indicando o centro, o país e o período temporal en que realiza a estadía.

18. Cando se solicita o extracto do expediente académico, refírese á certificación académica oficial ou vale con imprimir o expediente académico que aparece na Secretaría virtual dunha das tres universidades do SUG?

Si, serve o extracto do expediente académico que se imprime da Secretaría virtual dunha das tres universidades do SUG, no cal se fará constar a súa nota media.

Este extracto deberá estar selado pola universidade correspondente **nun período non anterior a un mes desde a publicación da orde de convocatoria.**





19. Como se calcula a nota media do expediente académico ?

A nota media do expediente académico calculase de acordo cos parámetros reflectidos no punto segundo da Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos (DOG do 30 de setembro).

20. Queda fóra da convocatoria senón presenta a solicitude en prazo?

Sí, debe presentar en prazo (**data límite o 25 de agosto**) o formulario de solicitude (anexo I, modelo normalizado ED 441 B). Non presentalo en prazo significa que non optará á axuda.

21. Queda fóra da convocatoria senón presenta toda a documentación en prazo?

Non, para o caso de que non dispoña de toda a documentación solicitada no momento de presentación de solicitudes (**data límite o 25 de agosto**) poderá axuntala unha vez que se publiquen as listaxes de solicitudes admitidas e excluídas por documentación.

22. Unha vez que se publiquen as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación, de canto tempo se dispón para a reclamación ou a emenda das carencias ou das deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Secretaría Xeral de Universidades?

O prazo máximo de reclamación será de dez días (10). Este prazo fixarase na resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se publiquen estas listaxes.

23. Onde se poden consultar as listaxes provisionais para a emenda de solicitudes e documentación?

Poden consultarse:

- No portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (www.ed.xunta.es), nos taboleiros de anuncios e nas xefaturas territoriais da citada consellería, nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas (UDC: http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/vice_estudiantes_deporte_e_cultura, USC: <https://www.usc.es/es/gobierno/vrestudiantes/> e UVIGO: <http://vicadc.uvigo.es/>)





24. Como se concede a bolsa?

A bolsa concederase en réxime de concorrencia competitiva, en función da nota media do expediente académico.

No caso de empate na nota media do expediente académico, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación:

1. Menor número de suspensos.
2. Maior número de matrículas de honra.
3. Maior número de sobresaíntes.

25. Notifícaselle aos beneficiarios da concesión da axuda?

Si, a Secretaría Xeral de Universidades notificará a proposta de resolución a cada un dos seleccionados como beneficiarios.

26. Cal é o procedemento a seguir no caso de rexeitar a bolsa?

Neste caso, deberán presentar o modelo de renuncia dispoñible no enlace <https://sede.xunta.es/modelos.normalizados> nun prazo de cinco (5) días contados desde a data de recepción da notificación.

27. Elaborarase unha listaxe de suplentes?

Si, co alumnado que, malia reunir os requisitos esixidos, non acadou un número de orde que lle permita ser adxudicatario da axuda. A comisión avaliadora elaborará unha listaxe de suplentes, por orde de puntuación do expediente académico, coa que se irá substituíndo, por rigorosa orde.

28. No suposto dunha renuncia ou baixa, de que forma se lle notifica ao solicitante que figura no listado de suplente de que se lle concede a axuda?

O alumno ou alumna seleccionado recibirá unha notificación da Secretaría Xeral de Universidades informándoo da concesión desta.

29. Cando se publica a resolución definitiva destas axudas?

A resolución definitiva destas axudas publicarase no Diario Oficial de Galicia e no portal educativo desta consellería (www.edu.xunta.es).





30. Onde se ingresa o importe da bolsa?

Aboarase na conta bancaria indicada polo/a interesado/a.

31. Cales son as obrigas dos beneficiarios?

As obrigas dos beneficiarios son:

- a) Realizar as actividades previstas nos programas de mobilidade e cumprir os obxectivos destes con aproveitamento.
- b) Notificar á Secretaría Xeral de Universidades por escrito a renuncia á bolsa e a causa que determina a dita renuncia acompañada da documentación xustificativa das actividades de formación realizadas durante o período anterior á renuncia.
- c) Informar ao órgano que concede a bolsa da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Acreditar mediante certificación que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I desta orde segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

32. Son compatibles estas axudas con calquera outra para o mesmo fin?

Si, son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que a conceda.